

**Prólogo de Valeriano Martínez García, Excmo. Sr. Conselleiro de Facenda.
Xunta de Galicia**



Cúmprense 50 anos de Estudos de Economía en Galicia, unha data que merece unha análise que realizo coa lembranza de ser un dos miles de alumnos que tivemos a sorte de cursar estes estudos.

Nestas cinco décadas a formación nesta materia ampliouse ata ser impartida nas tres universidades galegas e coa posibilidade de optar polo Grao en Administración e Dirección de Empresas e polo Grao en Economía.

Nun escenario como o actual, en continuo cambio e evolución, a polivalencia é esencial. Por iso, as materias relacionadas coa economía e coa empresa son tan demandadas, xa que achegan versatilidade e polivalencia competencial.

A maior crise nos máis de 30 anos de Autonomía situou á economía no primeiro plano para toda a sociedade e amosou que as competencias nos eidos da economía e da empresa resultan cada vez máis relevantes para poder achegar solucións e progreso a unha sociedade máis complexa e diversa.

Solucións e progreso ao que tamén tentamos contribuír desde a Xunta de Galicia fomentando un crecemento san, sostible e en estabilidade, como a mellor vía para acadar unha Galicia máis competitiva, máis próspera, con máis e mellor emprego e con igualdade de oportunidades.

Quero aproveitar esta tribuna para felicitar a todas e cada unha das mulleres e homes que contribuíron a que celebremos 50 anos de Estudos de Economía de Galicia e aos organizadores do Congreso de Economía de Galicia, que puxo o broche final a esta conmemoración. Estou seguro de que os novos graduados serán un importante activo para construír a Galicia que todos queremos.

Valeriano Martínez García, Conselleiro de Facenda, Xunta de Galicia.